

## AS LANDRAS

Praza Augas Férreas s/n

27002 Lugo

Teléfono: 982 816 778

Web: [www.aslandras.com](http://www.aslandras.com)

Correo: [info@aslandras.com](mailto:info@aslandras.com)



## INFORMACIÓN XERAL

### Atención ao público e outra información de interese

- O persoal carece de persoal con coñecemento de lingua de signos.
- A carta contén os pratos impresos con denominación, ingredientes e simboloxía de alérxenos. A carta de xeados inclúe imaxes.
- Non se contemplan menús adaptados. Todos os pratos que conteñen cereais elabóranse en modalidade con glute.

### Acceso e zona de atención ao público

- A zona conta con transporte público frecuente. Tamén é fácil chegar con vehículo privado, aínda que non tanto aparcar. Tanto a praza como as mazás contiguas son áreas con alta densidade de aparcadoiro. A pesar diso, non hai ningunha praza reservada nas proximidades do local.
- A praza ten unha pendente do 4% en sentido perpendicular ao local. A beirarrúa onde se sitúa o restaurante é case chaira nese tramo, cunha pendente entre o 1,5 e o 2%, aínda que tres mazás atrás a inclinación supera o 10%.
- Os cruces son vaos peonís, sen semáforo, con bordo rebaixado a 2-3cm. Hai sinalización táctil, pero non correctamente aplicada. Prescindiuse das baldosas acanaladas direccionais e as troncocónicas de advertencia úsanse como delimitación perimetral da área de cruzamento na beirarrúa.
- A entrada realízase case a cota 0. A pendente da rúa implica un pequeno desnivel de 2cm no lateral esquerdo.
- A porta é de madeira, opaca, con picaporte e tirador, coma se fose a porta dun piso. O picaporte está en alcance, e pode abrirse co cóbado e o puño. O batente abre cara ao interior, cun paso libre de 95cm.
- O local queda un banzo por baixo da cota de rúa. O desnivel resolveuse cunha rampla ao 10%, sen varandas.

## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### BAR

#### Localización e itinerario

- A barra comeza fronte á porta, prolongándose cara á dereita. O bordo está a 1,13m de altura, sen tramo baixo.

#### Características

- O local ten dúas cotas, unha baixa, coincidente co final de rampla, e outra alta, paralela á cota de rúa. A cota baixa é a dominante en todo o local. En cota alta sitúanse tres mesas con vistas á rúa.
- A anchura mínima de circulación é variable, e dependendo de canta xente haxa e como se distribúan os taburetes pode reducirse por baixo de 0,80m.
- O pavimento son baldosas de 30x30cm, en cor ocre, de material antiescorregadizo e con xuntas diferenciadas. Utilízanse cenefas con motivo xeométrico sobre fondo branco para delimitar a zona de barra e o paso a restaurante.
- A barra ten taburetes tipo banquetta alta, de madeira, co asento a 80cm de altura.

## **SALÓN COMEDOR**

### **Localización e itinerario**

- O comedor atópase ao final da rampla de entrada, á esquerda. O paso ten unha anchura de 84cm, sen batente de ningún tipo e, entre rampla, barra e neveiras, queda un espazo de xiro algo maior de 1,50m.

### **Características**

- A cota é continua, sen chanzos nin ramplas.
- O paso entre mesas oscila entre 0,90 e 1,20m, dependendo da colocación das cadeiras. Co restaurante cheo pode reducirse ao redor de 0,80m.
- As mesas teñen o apoio de tipo dous paneis laterais e traveseiro central por baixo dos xeonllos. Os paneis quedan a media posición, de tal maneira que, unha vez sentados, unha perna queda por fóra e outra por dentro.
- Debido a esa configuración, as mesas só permiten a aproximación frontal desde a cabeceira, e, aínda así, non é unha posición cómoda,
- O espazo inferior é de 0,72m e o taboleiro queda a 0,77m. As dimensións totais das mesas son de 0,70 x 1,20m.

## **ASEO ADAPTADO**

### **Localización e itinerario**

- O aseo atópase ao final do comedor.
- Hai unha soa cabina, dando servizo a ambos os sexos, identificada como accesible cunha pequena chapa na parede contigua.

### **Entrada ao aseo**

- A porta é corredía, co tirador embutido na madeira e un relevo inferior a 1cm. A porta é lixeira, pero expón dificultade para abrir co puño ou o cóbado.
- O tirador está a 0,95m do chan e a anchura libre de paso é de 0,70m.
- O mecanismo de peche é facilmente manipulable, sendo un pasador fixo normal, de cilindro con pasador sobre muesca de apertura ao comezo e peche ao final. É usable co cóbado e o puño, aínda que o cilindro de peche non encaixa co buraco que debe suxeitar a porta.
- Dado o sistema instalado, non habería posibilidade de descorrelo desde fóra en caso de emerxencia.
- O interior da cabina dispón de espazo suficiente para trazar un xiro de 1,50m de diámetro.

### **Lavabo**

- O lavabo é un pequeno lava mans circular de aceiro inoxidable montado sobre unha mármore. A parte inferior ten un alto de aproximación libre de obstáculos de 0,81m. O bordo superior está a 0,84m e a superficie de uso é de 0,41 x 0,94m.
- O pulsador da billa está situado a 0,94m de altura e 0,35m con respecto ao bordo.
- O espello está montado cunha cenefa sobre a parede, tendo o bordo inferior a 1,00m de altura.

- A xaboeira e o secador de mans están a 1,25m do chan.

#### **Inodoro**

- A altura de uso do inodoro é de 0,47m.
- Conta cun amplo espazo de aproximación frontal e transferencia a ambos os dous lados, 0,80m na dereita e 0,90m na esquerda.
- Carece de barras. Tivo unha barra basculante, colocada a 1,13m, pero só queda o soporte.
- A cisterna é de tipo apoio. O mecanismo de descarga está no centro da parte superior.

## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **BAR**

#### **Localización e itinerarios**

- Unha vez descendida a rampla de entrada, a barra está en fronte, lixeiramente cara á dereita. Toda a parte dereita é zona de bar, á esquerda están o comedor e o aseo.

#### **Características**

- A porta da entrada é de madeira compacta.
- O chan é marrón, mate e antiescorregadizo.
- A iluminación diferencia o ambiente de barra e o ambiente de comedor. A barra ten iluminación suficiente para comer e ler, pero a iluminación xeral é máis tenue. No comedor, a luz é uniforme e suficiente.
- A barra conta con varios taburetes e, fronte a ela, hai unha zona de mesas cun pequeno chanzo.

### **SALÓN COMEDOR**

#### **Localización e itinerarios**

- Está á esquerda da entrada. Éntrase por unha porta sen batente.

#### **Características**

- O pavimento, como no resto do local, é marrón mate.
- A iluminación é homoxénea e suficiente para ler.
- O salón ten forma rectangular, coas mesas situadas aos lados e un corredor lonxitudinal no centro.

### **Aseos**

- Con respecto á distribución do comedor, sitúase ao fondo á dereita.
- O chan mantén o mesmo pavimento, as paredes son gris moi claro e os elementos brancos.
- En caso de emerxencia, a alarma é audible desde o aseo.

## **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

### **SALÓN COMEDOR**

- O restaurante dispón de carta impresa.